

Manifesto a prol dunha Ambulancia medicalizada con dotación suficiente para a Mariña Lucense

Os Alcaldes e Alcaldesas dos Concellos de Alfoz, Burela, Lourenzá, Ourense, Pontenova, Trabada, O Valadouro e Viveiro amosamos o noso rexeitamento ao novo contrato ofertado polo Servizo Galego de Saúde e a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 para os servizos de transporte sanitario terrestre, no que se recolle a supresión dun TES (Técnico de Emerxencias Sanitarias) para a ambulancia medicalizada do Concello de Foz, sendo a única das 10 existentes na Comunidade Autónoma que sufrirá un recorte de persoal.

Na actualidade a ambulancia medicalizada (AA-SVA- M), conta en cada quenda de garda con 2 TES, 1 Médico e 1 DUE do mesmo xeito que o resto de ambulancias medicalizadas do territorio galego. Tras o recorte a dotación humana só estará formada por un TES, un Médico e un DUE, o que, na opinión baseada no coñecemento e experiencia dos propios profesionais de emerxencias sanitarias, representa unha eiva que debilita significativamente a capacidade de resposta de tan importante recurso.

Como alcaldes e alcaldesas queremos denunciar que se trata dunha decisión totalmente arbitraria, que carece de valoración técnica e que discrimina inxustificadamente á Mariña Lucense. Esta medida empeorará a calidade dun servizo onde o tempo de resposta é vital para mitigar as consecuencias aos doentes ante unha emerxencia ou patoloxía urxente.

Suma así, a Xunta de Galicia, un novo recorte no servizo de transporte sanitario urxente terrestre para os nosos Concellos e para a nosa Comarca, pois xa no 2011 reduciu o horario da ambulancia de soporte vital básico con base en Foz, pasando de estar operativa as 24 horas a estalo só 12, o que inevitablemente influíu no resto de equipos dispoñibles na Mariña que teñen que acudir no restante horario a cubrir os servizos que non se poden atender dende Foz, precisamente por ese recorte.

Aínda estamos a tempo de salvar un servizo sanitario fundamental, só se precisa vontade política, polo que, esiximos que se deteña a contratación elaborada pola Xunta de Galicia e se abra un novo procedemento no que a Mariña siga contando, cando menos, cos mesmos recursos que calquera outra zona da Provincia ou da Comunidade Autónoma.

Os veciños e veciñas, usuarios e usuarias, non queremos explicacións de porqué se nos despreza e trata peor que os doutros lugares, queremos simplemente ser atendidos coma calquera outro, independentemente de onde vivamos ou nos atopemos.

Polo tanto, como Alcaldes e Alcaldesas, reiteramos o noso máis severo reproche a este inaceptable recorte de recursos e a nosa esixencia de corrección do mesmo.

Jorge Val Díaz
Alcalde de Alfoz

José Luís Pajón Camba
Alcalde de Ourot

Rocío López García
Alcaldesa de Lourenzá

Darío Campos Conde
Alcalde da Pontenova

Mayra García Bermúdez
Alcaldesa de Trabada

María Loureiro García
Alcaldesa de Viveiro

Alfredo Llano García
Alcalde de Burela

Edmundo Maseda Maseda
Alcalde do Valadouro